

# Documentación de esquemas

A documentación dos esquemas é fundamental pois estes proporcionan información tanto ás persoas, como aos métodos de procesamento automático que se executan no momento de crear os documentos instancia XML. Unha forma de facelo é a través dos comentarios que se poden incluír como se facía en XML (os esquemas son documentos XML) pero existen elementos máis potentes pensados para este obxectivo:

- **Elemento annotation.** Proporciona un mecanismo para documentar ou anotar os compoñentes duneEsquema, facendo unha función similar aos comentarios, aínda que dando unha información máis completa, xa que annotation non se reduce á forma: `<!-- texto -->`, senón que pode proporcionar documentación tanto para quen manexe o documento como para o procesado automático do mesmo. A continuación vemos un exemplo:

```
<xs:schema xmlns:xs="http://www.w3.org/2001/XMLSchema">

  <xs:annotation>
    <xs:appInfo>Libros</xs:appInfo>
    <xs:documentation xml:lang="es">
      Este esquema describe exemplares de libros.
    </xs:documentation>
  </xs:annotation>

  .
  .
  .

</xs:schema>
```

- **Elemento documentation.** Consiste ben nun texto, lexible por un humano, ben nunha referencia a un texto dado por un URI, sempre dentro dun elemento annotation. O seu contido nun documento XML non ten límites, de forma que un elemento annotation pode conter moitos elementos documentation e cada un pode presentar información máis ou menos redundante, como sería o caso do uso de idiomas distintos. Os seus dous atributos opcionais son source ( unha URI que o procesador non valida, que representa calquera documento considerado relevante ) e xml:lang ( que especifica a linguaxe da documentación ).
- **Elemento appinfo.** Proporciona información a outras aplicacións, o que supón un procesamento externo ao propio documento e que só un elemento annotation pode conter.